

¿Qué é o Xacemento romano de Cambre?

E

Estamos diante dos restos duns baños unidos a unha Villa rústica romana: trátase dun asentamento que tería unha parte residencial e outra de produción agrícola e gandeira. Sorprenderá o feito de saber que os romanos do século III d. De X.C. podían quentar a auga de xeito artificial e, asemade, poderase imaxinar cal debía ser o estado orixinal dunha estancia que revela o gusto dos romanos para construír un ambiente especial na área dos baños.

Porén o visitante terá a oportunidade de saber que os balnearios actuais proceden directamente dunha sociedade que se desenrolou hai preto de dous mil anos. É así que o centro de recepción de visitantes de Cambre non defraudará ós entendidos nin ás persoas que se acheguen por sana curiosidade.




N

Os habitantes e os artistas do Xacemento: ¿Quén vivía na Villa? ¿quén realizou as pinturas?

No Centro de Interpretación do Xacemento intentamos responder a estas preguntas e a outras moitas que nos plantexan as visitas.

A emoción que provoca a contemplación dos restos orixinais arquitectónicos e das pinturas murais fai que o visitante se plantexe estas preguntas e imaxine todo un mundo de relacións socio-políticas, económicas e humanas que entretécen unha sociedade que, en moitos aspectos, non era moi distinta á nosa.

Indubidablemente, estamos en disposición de subliñar que eses obxectivos se cumpren no caso do museo do Xacemento romano de Cambre.



O proxecto de musealización


A

A aparición dos restos romanos en Cambre non foi un feito casual, senón que foi consecuencia lóxica da actitude das distintas administracións para preservaren e conservaren a nosa historia.

Así, no ano 1988, de acordo con plan Xeral vixente, detérmínase a necesidade de realizar unha actuación arqueolóxica ante a segura presenza de restos antigos entre o xacemento castrexo e o mosteiro bieito de Santa María.

Porén, despois da escavación e da consolidación dos conseguíntes restos romanos, acordouse a construción dun modélico Centro de Interpretación cá estreita colaboura do Concello de Cambre, da administración autonómica e da empresa constructora do bloque de vivendas adxacente.

Asemade, cá finalidade de racionalizar este espazo público, decidiuse aproveitar esas intalacións para a creación dunha Oficina de Información Turística.




P

Proxectado para cobixar os restos romanos, o edificio proxectouse coma un espazo lúdico e funcional, onde o coñecemento poidera estar acompañado do lecer e do disfrute.

Trátase dunha construción singular de planta rectangular con cuberta que imita os desniveis do terreo no que se asenta o balneum. Exteriormente está cuberta de cobre e nos laterais ábreanse amplios ventanais están a inundar o interior de luz e cor. Neste espazo se están a conxugar harmónicamente o formigón á vista cá madeira e có cristal. Este espazo distribúese a través de dúas partes ben diferenciadas: accédese directamente á Oficina de Información e, a continuación, ábrese o espazo musealizado.

A historia do percorrido adouta unha sistematización biográfica: inicio e contextualización, desenrolo e interpretación final ou conclusión.



O xacemento romano de Cambre: museo pedagóxico e cultural ó servizo da difusión do noso pasado

P



Para a restitución dos restos romanos de Cambre emprégáronse as últimas innovacións tecnolóxicas, no eido arqueolóxico, para o proceso de consolidación tanto da estrutura arquitectónica como das pinturas murais que apareceron no fondo do balneum.




Coñecer o noso pasado. Un centro de recepción de visitantes e Oficina de Turismo para todas as idades



O coñecemento dos homes que viviron na Villa, os útiles e as ferramentas empregadas, a súa forma de vida e as formas artísticas que realizaron, é unha das prioridades do centro de interpretación.

D

e xeito xeral coñecerase o modelo de vida e hábitat dos romanos que se asentaron no ámbito rural galego. Entre os datos a coñecer hai que subliñar a especial importancia do aproveitamento da auga coma recurso líquido ou para a aplicación de resina acrílica, cá finalidade de restablecer a cohesión entre as partículas do material que aparecía disgregado.



O minucioso traballo de consolidación comezouse polo reverso das pinturas perante a aplicación de resina acrílica, cá finalidade de restablecer a cohesión entre as partículas do material que aparecía disgregado.



VISITA Ó XACEMENTO ROMANO

Despois dos seus seis primeiros meses de vida, o Xacemento romano de Cambre foi visitado por máis de cinco millóns de persoas. Tendo en conta o mantemento desa progresión, o número anual de visitas excederá das dez mil. Estamos, porén, en disposición de considerar que a valorización dos restos arqueolóxicos do pasado e a súa musealización cumpre as expectativas de espertar o interese e o afán de coñecer os costumes e formas de vida dos nosos devanceiros.

PARA MÁIS E MEILLOR INFORMACIÓN

Xacemento Romano de Cambre
Praza do Mosteiro, 1. 15660 CAMBRE

TELEFONOS

Información e reserva de visitas
981 656217
e-mail: museo@cambr.org

HORARIO DE VISITAS

De martes a venres
Mañáns: de 11:00 a 14:00 hs.
Tardes: de 17:00 a 20:00 hs.
Sábados, domingos e festivos
Mañáns: de 11:00 a 14:00 hs.
Pechado
Todos os luns do ano, 1 de xaneiro,
1 de maio, 24, 25 e 31 de decembro,
e 16 de agosto.
Entrada
Gratuita



XACEMENTO ROMANO DE CAMBRE

